

CUARTO CONCURSO DE MICRORRELATOS

RELATOS.GAL



◀ ——— *RELATOS GAÑADORES* ——— ▶



REAL
ACADEMIA
GALEGA



CUARTO CONCURSO DE MICRORRELATOS

Saíndo do tunel

Estamos a saír do túnel. Facemos noso o título do microrrelato de Álex Gallego Couñago que tanto nos emocionou para comezar estas palabras de agradecemento a todas as persoas que participaron na última edición do concurso de contos que a Real Academia Galega e PuntoGal convocamos dende o ano 2018 para promover a presenza da lingua e da cultura de noso na Rede. As historias que aquí xuntamos son as nove gañadoras, tan só unha pequenísima parte das preto de 1.600 presentadas nesta ocasión. Son máis do dobre que na anterior, e son todas elas, seguramente, concibidas no medio dunha pandemia para a que comezamos a ver a fin. Saímos do túnel. Esa é a grande historia que este ano nos gustaría contar.

Entrementres, privados das apertas e os bicos, atopamos acougo nas palabras que nos dicimos. E nas que lemos e mesmo escribimos. En historias coma estas nove, que agariman e tamén denuncian. Contos que amosan que as novas xeracións non permanecen caladas ante a violencia de xénero, a transfobia, a homofobia ou a desfeita ambiental. Relatos que nos confirman que á lingua galega lle quedan tantas historias por contar como queiramos.

A Coruña, 24 de maio de 2021

Víctor F. Freixanes

Presidente da Real Academia Galega

Manuel González González

Presidente de PuntoGal





Non te gastes

Paloma de Toro González

** premio adultos*

E pon a manta sobre o sofá, que non se manche.
E cubre o móbil coa carcasa e mais o vidro temperado,
que non rompa. E as lentes, méteas na funda, que non se raien.
Que non se estraguen.

E ti tampouco, que non te derrames.

E o hime, nun frasco.

E o pracer, calado.

E o escote, antes, no peito plano.

E o amor? O amor de ti para ti na caixa de zapatos.

Non te gastes. Como o sofá sen estrear cando xa non hai
quen sente nel na casa. Coma o móbil intacto que se cambia
por un novo. Como as lentes, que pasaron de moda
na funda poeirenta.

Arrecúñchate nesta cuncha. E pecha. Que non entre o aire.

Non te gastes.

Paloma de Toro González, 1985. Mestra de inglés
de profesión diúrna e contadora de contos
baixo as sabas de noite.





Aves de paso

Luca Chao Pérez

2º premio adultos

Se un día os paxaros te miran estrañados, fálalles. Será que hai tempo que non ven nenos xogando. Céntalles que para ti as cousas tamén cambiaron. Que o primeiro aviso foi o clima, as chuvieiras torrenciais e os veráns tórridos. Pero os adultos quixeron ignoralo. Logo, as cegoñas deixaron de emigrar, as píllaras e os paspallases escasearon e, moitos outros, pereceron. As pínegas, os cabaliños do demo desapareceron. O ceo tornouse chumbo, o aire espeso e as augas turbias. E aínda así, non quixeron velo. Fálalles daquela epidemia. Das máscaras, dos hospitais ateigados. Recorda cantos morreron. O medo, a soidade, o silencio. Dilles que voen lonxe, eles que aínda poden.

Luca Chao (1988), lucense de nacemento e compostelá de adopción. Politóloga, investigadora en ciencias sociais e feminista. Penso, leo e escribo todo o que podó.





Sara

María Cabaleiro Alfaya

3º premio adultos

Chámome Sara e teño oito anos. Gústame o xeado e xogar no parque. Non me gusta que a xente diga que estou equivocada. Mais, isto é algo que me acontece tan a miúdo que ás veces acabo cansa de tentar demostrar que teño razón. Só na escola teño dúas amigas, que me queren e non me miran raro. Pero, tamén hai algún compañeiro con quen non me levo ben, porque non para de riscar o meu nome do meu caderno cada vez que pode.

Un día, miña nai vénme recoller para ir ao médico. Non sei por que, posto que non me doe nada. O doutor faime moitas preguntas, pero, por unha vez, sinto que alguén está a escoitar de veras as miñas respostas. Tras falar comigo queren falar coa miña nai, polo que espero noutra sala.

Agardo sentada. Os pés non me chegan ao chan, polo que imaxino que me atopo ao bordo dun cantil xogando co vento que mece as miñas pernas. Finalmente, aparece miña nai cando a porta se abre e dime:

–Imos para a casa, Sara.

O corazón báilame no peito de súpeto. É a primeira vez que me chama polo meu nome.

María Cabaleiro (Tui, 1993) é bióloga especializada en micoloxía e socia e administradora da empresa MycoGalicia Plantae, centrada en divulgación, xestión e investigación micolóxica.





Bolboreta

Alba Guzmán Falcón

1º premio xuvenil

Nacín nun lugar cuxo nome non quero lembrar e dentro dun corpo que prefiro esquecer. E non..., non tiven adarga antiga, faco enxoito nin galgo corredor. Como moito fun dona dun burro chamado Xocas e de París, o triste can palleiro que me abandonou un Nadal.

Na escola deseguida me puxeron o alcume de bolboreta, aínda que Sito Freire sempre prefería chamarme Xan Maricón. Ganduxei aquelas feridas, profundas e tortuosas, con fina agulla e áspero fio ata que as cicatrices foron case invisibles.

Rematado o bacharelato refuxieime na universidade. Alí, oculta entre libros, aprobei con matrícula de honra a carreira que me proporcionou un traballo ben pagado, circunstancia que permitiu a unha eiruga coma min agocharse no casulo ata mudar na crisálida que, un bo día, crebaría o seu esqueleto tras a derradeira operación de cirurxía estética.

Agora, pendurada na fachada dun vetusto edificio, unha placa en forma de bolboreta retén o meu nome: Dulcinea Foxo. Psicóloga. Ás veces teño clientes coma este, que ao entrar non me recoñecen. Vén acompañando ao seu fillo adolescente pois, seica, “é maricón” e necesita axuda. Contesteille a Sito Freire que non se preocupara, eu conseguiría que o mozo, ademais de curar, fose feliz.

Chámome Alba (2003). Fago teatro dende os 6 anos, toco o acordeón e por enriba de todo escribo, sobre todo novela, afección que nos últimos anos está a darme moitas alegrías; xa levo 17 premios recollidos por toda Galicia dende 2018.





Ela

Nayara Alonso Barredo

2º premio xuvenil

Todos os adolescentes teñen pantasmas do seu pasado que seguen atormentándoos anos despois. Todos teñen problemas emocionais e empéñanse en ocultalos e finxir que todo vai ben. Ela non é a excepción, todos os seus amigos pensan que ela non é así, que de verdade ten unha vida perfecta, ela é “perfecta”. Ten moitos amigos, a todo o mundo lle cae ben, é simpática, fai un deporte que a paixona e é guapa, non lle faltan rapaces detrás dela.

Porén, aquí está, chorando no seu cuarto, desfeita mentalmente, rota, pensando nesa rapaza de cabelo rizado, ollos marróns e metro sesenta e oito, esa rapaza que fai que se esqueza de todo, a que lle deu a volta ao seu mundo. Mañá fará dous meses que comezaron a falar e non para de pensar niso que sente cando colle o móbil e mira unha mensaxe dela, ou cando entra no pavillón e a ve cun sorriso no medio do campo esperándoa, ese sentimento non é tan só de amizade. No fondo sabe que non é unha simple amiga, pero ten medo.

Nayara naceu en Salceda de Caselas no 2004, aínda que agora vive en Vigo. Estuda primeiro de bacharelato no IES Álvaro Cunqueiro. No seu tempo libre gústalle facer deporte –xoga ao balonmán– e tamén quedar cos seus amigos.





A choiva

Lucía Álvarez Puga

3^o premio xuvenil

A choiva arremetía fortemente contra o cristal do coche. Era practicamente imposible ver o que había uns metros máis adiante. Eu miraba ausente como as gotas se alcanzaban rapidamente mentres el berraba. Estaba enfadado. Unha vez máis. Unha vez menos. Sabía que el mo dicía polo meu ben, porque me quería. Porque me quere, non? Iso xa non importa. Dende que me deu a primeira labazada nada diso importa. Porque eu quería. Porque o quero, non? Miña nai dime que o deixe, que me fai dano. Mais a ela nunca lle caera ben. E ela non sabe o que nos queremos. Pero nada disto importa.

Eu fíxeno enfadar adrede. Sabía que me ía berrar. Sabía que ía chover. Sabía que non ía ver o camiión que temos diante.

Lucía (Vigo, 2004) é unha rapaza á que lle gusta ler libros, tocar o piano e pasar o tempo cos seus amigos e amigas. Ademais, todo o que fai debe ter boa música de fondo.





Saíndo do túnel

Álex Gallego Couñado

1º premio infantil

Sabes que? Meus pais están moi contentos. O médico di que por fin poderei volver á casa.

- Que sorte! Voute botar moito de menos.
- Cando ti mellores, xogaremos a facernos trenzas.

Son Alex, teño 10 anos e gústame moito xogar a videoxogos, ler libros de aventuras e ir á praia cos meus amigos do cole. Teño un irmán de 16 anos ao que lle encanta ler e escribir e foi el o que me animou a participar neste concurso.





Unha mala noite

Niara Cabrerizo Collazo

2º premio infantil

Tomás pasara unha mala noite. Espertou co cu mollado.
Desde alí víase toda a cidade. A balea bufaba ao seu lado.
Sorprendeuse de que as tellas aínda soportasen o peso.

Chámome Niara, teño oito anos e vivo no Morrazo. Teño un can que se chama Neo, vou a piano, inglés e taekwondo. Encántame ler, xogar cos meus amigos, escribir historias e comer polo con patacas.





Papá

Carmen Mendaña Vázquez

3^o premio infantil

Meu pai pousou a mirada en min engurrando o cello. Os convidados quedaron pampos, mortos de medo. Notei como o rostro da miña nai humedecía por culpa das bágoas transparentes que o atravesaban. Entendín o que a avoa me dicía coa súa triste mirada: “perdoa por convidar o teu pai”, aínda que en certo modo tamén sería “tes manchada a chaqueta”. Eu tamén pensara que despois de tres meses de distancia a causa do divorcio quería polo menos felicítame. Custárame moito gañar o primeiro premio do concurso de literatura.

Empecei a comparar o de agora e o de antes. Meu pai, un home gracioso de aspecto simpático, agora era o home máis severo do mundo e o último que amosaba no seu rostro era felicidade. Tamén recordei como bailabamos todos os días ao son da música, como viamos pelis con flocos de millo polas noites...

Tamén eu empecei a chorar.

–Felicidades –díxome, e marchou.

Mentres a festa comezou a animarse de novo, miña nai levoume a un recuncho.

–Pouco a pouco, vale? É duro.


–Vale.

–Imos á festa? Teño moita fame.

–Fame? Eu moitísima!

Son Carmen Mendaña e teño 9 anos. Gústame debuxar e escoitar música, entre outras moitas cousas. Pero, sobre todo, gústame ler. Leo un montón. Tamén me gusta escribir historias e contos.





REAL
ACADEMIA
GALEGA

